

## **Resolución do 24 de xullo de 2025 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Ourense**

De acordo coa base 9 da resolución reitoral do 3 de xullo de 2025 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2025/2026,

Esta reitoría **RESOLVE:**

Aprobar e ordenar a publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Ourense (Anexo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

## ANEXO: Obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2025/26

### Relación definitiva de solicitudes admitidas:

Non hai

### Relación definitiva de solicitudes excluídas:

| Solicitante         | Obradoiro proposto                                                                          | Causa de exclusión                                                                                 |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Brea Castro, Millán | Educación social e intervención en rede: familia, escola e comunidade. Un enfoque integrado | A proposta non encaixa no obxectivo dos obradoiros que define a convocatoria na súa base primeira. |